




ESCUPTURAS



CIMEIRAS



MÁSCARAS



PECHADURAS



REPOUSA CALUGAS



POLEAS DE FIAR



OURIVERÍA



PEITE



ESCUDO



TECIDOS



ESPANTAMOSCAS



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR



arte AFRICANA

COLECCIÓN XOÁN ANLLO

Rede Museística Provincial

Deputación Provincial de Lugo

A primeira visión que tiver da arte africana foi en Xenebra, cando me trasladei a esa vila para estudar na súa universidade ciencias políticas. Alí, coído que no ano 1963, visitei a excelente colección de arte africana do Museo Barbier-Mueller, no número 10 da rúa Jean-Calvin. Desá visita quedoume unha primeira impresión visual dunha arte que ata ese intre non vira en España porque non había entón, e aínda hoxe non hai, unha presenza física en forma dun verdadeiro museo adicado ás diversas manifestacións desta arte dese gran continente que é África. Entre as moitas caretas que alí puider ver, unha das que me chamaron moito a atención foi a careta “pibibuze” que pertencera ó escritor surrealista Tristan Tzara, dunha gran beleza de composición. Non parei ata que atopei unha careta deste tipo nunha tenda de antigüidades en Bruxelas en 1998, careta que se amosa nesta exposición en Lugo. En 1966 trasladéime de Xenebra a Nova York, tras aprobar o exame de tradutores de español das Nacións Unidas, onde estiven destinado cinco anos. En Nova York o meu contacto coa arte africana foi máis intenso gracias ás visitas ás salas africanas do Metropolitan Museum of Art, do Brooklyn Museum of Art, e tamén de moitas galerías de arte que venden ou expoñen pezas de arte africana. De volta en Xenebra, onde seguí traballando na Sección de Traducións ó Español da oficina da ONU dende 1971 a 1996, fun visitando museos ou exposicións en París, Roma, Viena, Bruxelas, etc., e o meu interese polas caretas e estatuñas africanas acentuouse, sobre todo cando fun traballar por primeira vez a un país africano, Kenya, con ocasión dunha conferencia das Nacións Unidas en Nairobi en 1972; alí merquei a primeira peza de arte africana: unha escultura “makonde”, deste grupo étnico de Tanzania, comprada no mercado popular de Nairobi. Non é unha peza importante, pero téñolle querencia porque é a primeira que comprei. En 1974 fun a traballar á Asemblea Xeneral das Nacións Unidas en Nova York e adquirín unha das mellores pezas da miña colección: unha careta “yauré”, un grupo tribal da Costa do Marfil, que pertenceu a un profesor da Columbia University de Nova York, Sandford Griffith. Esta careta, traballada cunha grande elegancia de liñas, sobre todo a face, é un modelo que ó parecer influíu moito en pintores como Derain, Picasso e Modigliani nos primeiros anos do século XX.

Logo seguirían unha cadea de compras de caretas e outros obxectos africanos, ben en países de África como Senegal e Malí, en feiras de anticuarios en Xenebra, Annecy, Lyon, Lausana, etc., ou en tendas de arte africano en Bruxelas, París, Amsterdam e Madrid. Así mesmo merquei un número importante de pezas en poxas en Xenebra. E de volta á España, tras a miña xubilación na ONU en 1996, sigo mercando de vez en cando algunha peza máis. A límite estará cando xa non me quede sitio nas paredes da casa para seguir colgando caretas...

Entre os obxectos que aquí se exhiben no Museo Provincial de Lugo destacan dúas pechaduras de cabazo que tiver a oportunidade de comprar en Bandiagara, no país dos dogóns, no Malí, nunha accidentada viaxe que fixen cun grupo de compañeiros de traballo en 1984: de Bamako viaxamos a Djenné, onde hai unha belísima mesquita construída con barro, madeira e herbas secas, no estilo chamado “sudanés”, logo a Mopti, na ribeira do río Bani, e dende esta vila subimos ós cantís de Bandiagara en medio dunha tormenta de area provocada por un vento chamado “harmattan”, un vento seco e quente que sopra do leste cara o África occidental: saímos con ... de Mopti e ás tres horas de viaxe escureceu a luz do sol, o chofer case non vía para conducir e a area voaba por enriba do jeep que daba medo, e ademais a “estrada” era unha pista chea de coios e curvas. Os cinco que fomos nese jeep matinábamos se chegaríamos esa noite a Bandiagar, pero chegamos a durmir alí, e ó día seguinte había un sol brillante e un ceo azul que me permitiron percorrer a pé varios quilómetros para visitar varias aldeas dos dogóns. Xunto con esta exposición, neste Museo poderán os que a visiten ver unha mostra de fotografías sacadas por min nese percorrido que serven de soporte visual do que é unha aldea africana.

O meu interese polas caretas africanas non se limita ó aspecto puramente artístico: é certo que moitas caretas teñen unha grande forza como expresión dunha arte popular, e iso vese ben nas caretas das etnias “dan”, “baulé”, “guro” ou “kwele”. Isto entendérono ben moitos artistas europeos, pintores ou escultores, a finais do século XIX e principios do século XX. Pero a careta africana, e o mesmo pódese dicir das estatuñas ou outros obxectos, ten unha clara función socio-relixiosa e máxica. Nas aldeas do África Negra as caretas xogan un papel moi importante na vida da xente e sobre todo en tres momentos da vida da comunidade: ritos de fertilidade, iniciación á vida adulta e, por último, nas cerimonias dos enterros. As colleitas, sobre todo nos países situados bastante lonxe do ecuador, son capitais para os labregos africanos, e por iso utilízanse moito caretas nas danzas que se fan para pedirlle ós espíritos ou divindades ás que se dirixen os danzantes ... que a colleita sexa abundante. Os ritos de iniciación para o paso dos mozos á vida adulta son un momento fundamental na vida do mozo, xa que tras a cerimonia este adquire dereitos, mais tamén deberes, no seo da comunidade á que pertence. Por último, os funerais son o segundo gran rito de paso dos africanos animistas, pois para os africanos negros subsaharianos coa morte o corpo, que é a materia, desaparece, pero na aldea e nos campos o “espírito” do morto segue a roldar arredor dos vivos, que poden ser atacados de moitos xeitos polo defunto, e por isto fanse danzas para escorrentar o espírito do morto e protexer o bailarín e mais o resto dos veciños da aldea.

Coido que este último comentario meu explica o gran interese que espertou en min a arte africana e que me empurrou a reunir a colección de obxectos que se mostran nesta sala do Museo Provincial de Lugo. E neste senso non podo esquecer que os anos que vivín na parroquia de Sistallo, do concello de Cospeito, escoitei moitas veces relatos ou presenciei cerimonias que tiñan que ver con mundo dos mortos, con rituais agrícolas ou con pedidos para obter algún desexo ou protexerse contra unha enfermidade. Gustaríame que os que veñan visitar esta exposición sacaran dela esa impresión sobre o significado real das caretas e outras pezas aquí exhibidas, coa esperanza de que os visitantes empecen a coñecer a arte africana ou, se xa a coñecen por teren visitado outras exposicións ou museos, se interesen aínda máis por unha póla da arte mundial de orixe verdadeiramente popular que alcanzou altos niveis de expresividade formal.

Chego así ó final desta curta presentación da miña colección de arte africana, e quero agradecerlle ó Museo Provincial de Lugo, á súa directora, Encarnación Lago e ós seus colaboradores, o esforzo que fixeron para mostrar nas súas salas unha colección reunida ó longo de máis de trinta anos por un chairego da Feira do Monte.